



ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE MELLORA DO ENTORNO DO RÍO BAROSA

O abaixo asinante, Xosé Manuel Fernández Abrales, con DI: 35286135-M, con enderezo en Igrexa nº 1 Perdecanaí, 36194 Barro, en calidade de portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Barro, presenta as seguintes

ALEGACIÓNS:

O entorno da paraxe coñecida coma Ría Barosa, constitúe unha parte importante do patrimonio natural e patrimonial do Concello de Barro que é necesario pór en valor realizando as actuacións necesarias para recuperalo coma un espazo para o lecer, esparcemento e educativo para todos os veciños e veciñas de Barro e doutros lugares da comarca.

É necesario aproveitar o valor medio ambiental e patrimonial que ten esta zona como un espazo de uso colectivo de interese ecolóxico, xenerador de riqueza e de actividade económica.

O proxecto realizado para a actuación en toda esta zona e denominado “ Mellora do entorno do río Barosa” que está nestes momentos no proceso de exposición pública, adolece das necesarias medidas de conservación do entorno natural que poden supor perigos importantes de cara á modificación deste espazo.

Primeira

Consideramos que o espazo adicado a aparcamento debe aparecer recollido no inicio do parque, a carón da zona adicada a edificios institucionais, xa que así se facilita a accesibilidade dos visitantes á información sobre a paraxe natural e patrimonial que van visitar.

Asemade, a ubicación recollida no proxecto obxeto de exposición pública ten un impacto maior sobre o río e con todo o contorno.

Nesta zona si que parece acaído poder ubicar un pequeno espazo para que vehículos de emerxencia que poidan atender calquera incidencia que poida ocorrer en todo o entorno.



Segunda

No proxecto aparece recollida a construción dunha ponte de formigón que une as dúas partes do parque.

Consideramos que se trata dun impacto innecesario sobre o río.

Ademais hai que ter en conta que tanto no Plan Xeral de Barro, nin na lexislación urbanística en vigor (Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza) non se permite abrir novos camiños en solo rústico, consolidando con esta actuación a apertura dun novo vial, contrario á lexislación vixente, e contrario tamén ao informe, neste sentido, da Dirección Xeral de Urbanismo de 11/01/05 na anterior tramitación do proxecto.

Cremos que neste punto sería posíbel realizar unha actuación máis blanda a través da instalación dunha ponte de madeira segura para o acceso dos visitantes.

Terceira

No proxecto aparecen recollidas a construción de escolleiras, co obxectivo de facer un recheo de todo o espazo no que se pretende actuar, que chega até os cinco metros de altura nalgúns lugares.

Consideramos que con elas ten lugar unha canalización do río con consecuencias que non están estudadas sobre a hidromorfoloxía do mesmo.

Consideramos necesario protexer a dinámica natural do río como un equilibrio dinámico e complexo con unha xestión que require a aplicación do principio de cautela, limitando os impactos e ponderando as actuacións a levar a cabo. Tendo en conta que toda a zona onde se pretende actuar é unha chaira de inundación, o recheo da mesma vai supor un maior perigo nas enchentes para as zonas nas que non se actúa, e, o estreitamento, coa construción de escolleiras, a ambos lados do río vai provocar que se produza un maior retorno de auga cara a zona da illa e dos muíños, co prexuízo que isto pode supor.

Consideramos necesario eliminar as escolleiras do proxecto sometido a exposición pública e establecer no seu lugar actuacións máis blandas e propias de zonas de ribeira mantendo así a dinámica hidrolóxica natural do cauce e as funcións ecolóxicas das zonas de inundación, tal e como se recollía nas condicións impostas pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do 27/04/05.



Cuarta

Consideramos que debe realizarse o recheo só da zona de entrada ao parque, onde están previstos os edificios institucionais, e onde debería ir o aparcamento, tal e como manifestamos na primeira alegación.

Quinta

No proxecto non se ten en conta que debaixo da estrada N-550 existen uns aliviadeiros que serven para que cando se producen asulagamentos en toda esa zona, a auga teña máis posibilidade de pasar ao outro lado da estrada. O aterramento ilegal realizado polo Concello en anos anteriores eliminou eses aliviaderos sen ningún tipo de autorización, o que xa provocou que nos asulagamentos do ano 2006 a auga sobrepasara o nivel da estrada, obrigando a cortar o tráfico na mesma.

Por iso consideramos necesario modificar o proxecto tamén nese punto para que eses aliviadeiros poidan realizar a súa función.

Por todo o exposto

SOLICITAMOS

Que se teña presentado este escrito e se atendan as alegacións contidas nos cinco puntos do mesmo.

Barro a 19 de novembro de 2009

Asdo: Xosé Manuel Fernández Abrales



XUNTA
DE GALICIA



augasdegalicia

MELLORA DO CONTORNO DO RIO BAROSA (BARRO)

TOMO
ÚNICO
MARZO 2010



G.O.C.



1. INTRODUCCIÓN Y OBJETO DEL PRESENTE DOCUMENTO.

La *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas* de la Xunta de Galicia, a través de la *Subdirección Xeral de Programación e Proxectos* de Augas de Galicia, a solicitud del Concello de Barro, define en el presente documento las actuaciones necesarias para la construcción de una nueva área recreativa en los márgenes del río Barosa pertenecientes al concello de Barro (Pontevedra), a su paso por la carretera N-550 (A Coruña-Tui) aguas abajo y la cascada de La Barosa aguas arriba..

El entorno de la actuación es singular por la presencia de la citada cascada. El propio río Barosa es, en un tramo, el límite administrativo entre los concellos de Barro, en la margen izquierda, y Portas en la margen derecha.

Para la redacción del presente proyecto se ha tenido en cuenta los proyectos existentes anteriormente, algunas de las alegaciones realizadas a dichos proyectos, el estudio de inundabilidad realizado en febrero de 2010 y las alternativas planteadas en dicho estudio.

2. ANTECEDENTES

En 2004 Salvador Merino Gómez redactó para el Concello de Barro, el "*Proxecto de Mellora Entorno Barosa*", quién paralelamente elaboró un Estudio de Efectos Ambientales al objeto de decidir sobre la necesidad o no de someter a procedimiento de Evaluación Ambiental las actuaciones proyectadas.

Las obras de relleno planteadas dentro del proyecto de Salvador Merino Gómez fueron iniciadas, pero se paralizaron por orden judicial debido a problemas de expropiación.

El 18 de abril de 2005, la *Consellería de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia* recibió (con registro Nº 9.552) su Solicitud de Informe Ambiental relativo al "*Proxecto de Mellora do Entorno do río Barosa*".

El 27 de abril de 2005, la *Consellería de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia* responde a la anterior Solicitud de Informe Ambiental, considerando que no procede someter el proyecto referido al trámite de Evaluación de Impacto o Efectos Ambientales. El presente Anejo adjunta un anexo con dicha respuesta.



Debido a que el plazo para su ejecución concluyó hace varios años, el Concello de Barro requería contar con una nueva autorización, con el fin de evitar incompatibilidades con los cambios en las normativas, en las leyes o hubiera nuevos posibles perjudicados.

Con fecha de 1 de octubre de 2009 tuvo entrada, en el Servicio Territorial de la Zona Galicia Sur de *Augas de Galicia*, la solicitud del Concello de Barro, de autorización para ejecutar las obras del proyecto "*Mellora do Entorno do río Barosa*", en el citado Concello de la provincia de Pontevedra.

El 13/10/09 Augas de Galicia emitió Informe de Viabilidad en el expediente con clave DH.W36.16159 concluyendo que:

"As obras son viables, sendo compatibles cos criterios de xestión e protección do dominio público hidráulico expostos no Real decreto lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da lei de auga, na Lei da administración hidráulica de Galicia e demais normativa de desenvolvemento da autorización instado."

Al objeto de tener en cuenta las diversas alegaciones recibidas, así como los cambios habidos en las normativas, las leyes, los posibles perjudicados y los precios, Augas de Galicia asigna a G.O.C., S.A. la redacción de un nuevo proyecto de mejora del contorno del río Barosa en el concello de Barro tomando como punto de partida el referido "*Proxecto de Mellora Entorno Barosa*", redactado por Salvador Merino Gómez en el año 2004 para el Concello de Barro.

El Anejo Nº 2 de Antecedentes, incluido en el presente proyecto, incluye tres anexos con la siguiente documentación:

- Anexo I: Informe de Viabilidad de *Augas de Galicia*.
- Anexo II: Exención de Evaluación Ambiental.
- Anexo III: Alegaciones Presentadas al "*Proxecto de Mellora do Entorno Barosa*".

3. DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS

La actuación se limita a los terrenos del concello de Barro, que comprende ambas márgenes del río, en el tramo de la actuación inmediatamente aguas abajo de la cascada.



La actuación propuesta consiste en el acondicionamiento de las márgenes del río para su uso recreativo, educativo, mejora ambiental y dotacional.

El acondicionamiento de las márgenes se realiza mediante un pequeño relleno de alturas variables entre 1 y 1,50 m.



Los terrenos acondicionados comprenderán las siguientes actuaciones:

- Zonas ajardinadas, zonas recreativas infantil y de ancianos, dos miradores y más de 3000 m² de sendas de 2 y 3 m de ancho en jabre.
- Espacio dotacional (para instalaciones de policía, guardia civil, cruz roja, centro de interpretación de la naturaleza u otros usos similares).
- Mejora del camino agrícola existente, y que actualmente atraviesa el río por encima de tubos trasdosados, que serán sustituidos por un puente nuevo de 32,80 m de luz, cuya sección tipo consta de dos carriles de 2,50 m, dos arcones de 0,50 m, acera de 1,80 m y barreras de 0,50 m. El puente está compuesto por tres vanos: 8,90 m + 15 m + 8,90 m. Este paso sobre el río se conecta con el vial de acceso al molino.



- Dos zonas reservadas para aparcamiento: una de mayor entidad, con aparcamiento para autobuses en el extremo oeste de la actuación, próxima al área dotacional y a la N-550. A la segunda bolsa de aparcamiento, situada en el extremo este de la actuación, se le ha dotado de un pavimento a base de zahorra, con el fin de darle un tratamiento más blando dada su mayor proximidad a la zona medioambientalmente más sensible. Se pretende que funcione únicamente como área de estacionamiento para vehículos ligeros.
- Se ha dotado a esta última zona de aparcamiento de unas rampas de acceso acondicionadas geométricamente y en cuanto a pavimento, de forma que se posibilite el cambio de sentido de los autobuses a través del aparcamiento, dada la imposibilidad de encajar una glorieta al efecto con las dimensiones necesarias para este fin.
- Pasarela de madera sobre el río Barosa aguas arriba de la cascada, uniendo los dos itinerarios existentes, ahora separados por estar rota la pasarela existente.
- Reducción de los rellenos ejecutados en la parte alta del río.
- Fresado y capa de rodadura en el vial existente de acceso al molino (unos 600 m).


4. ESTUDIO DE CLIMATOLOGÍA E HIDROLOGÍA

En el *Anejo N°2 "Estudiode climatología e hidrología"* se determinan los caudales de avenida para los diferentes períodos de retorno en función de los criterios de diseño seguidos por Augas de Galicia.

Los caudales resultantes son los siguientes:

Período de retorno	Caudal
T (años)	Q (m³/s)
2,33	30,5
5	50.9
10	70.0
25	96.9
50	118.5
100	141.3
500	197.8

PROXECTO ELABORADO POLO CONCELLO NO ANO 2004



DIFERENCIAS:

- * Retírase o recheo da beira do río.
- * Rebáixanse os recheos a 1 metro ou 1,5 metros, cando estaban previstos entre 3 e 5 metros.
- * O aparcamento grande sitúase na entrada e non ao lado da illa.
- * Déixase libre o aliviadeiro da auga debaixo da estrada nacional.

CONCLUSIÓN:

Grazas ao traballo do BNG e doutras persoas e entidades conseguiuase un bo proxecto para a mellora do entorno de Barosa. A única eiva é que se segue a manter unha ponte de formigón de 9 metros de ancho e, nalgúns puntos, de 10 metros de altura, que non debía ter cabida neste proxecto.

PROXECTO ELABORADO POLA XUNTA NO ANO 2010
ATENDENDO AS ALEGACIÓNS E PROPOSTAS DO BNG

